



CONCELLO DE A CORUÑA
D. Alberto Lema Suárez
Tenente de Alcalde da Área de Emprego e Economía Social

En resposta a solicitude de informe acerca da procedencia da apertura do comercio os días 13/02/18 e 8/03/18, en base a solicitude de Centros Comerciais Carrefour S.A.

EXPOÑEMOS

Primeiro.- Desde o noso punto de vista, o incremento de aperturas en domingos e festivos aposta pola gran distribución en detrimento do pequeno comercio.

Segundo.- Dende CCOO entendemos que nada substancial cambiou nos últimos anos, con respecto ao que implica a apertura de domingos e festivos para as condicións dos traballadores e traballadoras do sector, que ven precarizadas as mesmas con prolongacións de xornadas, incrementos de xornadas irregulares e impedindo a conciliación da vida laboral e familiar.

Polo exposto anteriormente,

COMUNICAMOS

Que dende a federación de servizos de CCOO de Galicia, rexeitamos unha vez máis as aperturas en domingos e festivos, e nos ratificamos na idea de que sen estas aperturas, o horario comercial xa abastece suficientemente as necesidades comerciais, e a ampliación so serve para deteriorar aínda máis a posibilidade de conciliar a vida laboral e familiar, xerando un prexuízo notorio a todos os traballadores e traballadoras do sector.

A Coruña a 1 de decembro de 2017



Avda. Alfonso Molina, s/n-15008 A Coruña
Edificio Sindicatos. 4ª planta
Tel.: 981 145 885 - Fax: 981 145 899
Juan Zas Candamo
www.ccoo.es
Secretaría Acción Sindical
Federación Servizos de CCOO